



**COLEXIO
MARÍA AUXILIADORA**

Avda. Ramón Ferreiro 30
27.002 Lugo
www.mariauxiliadora.lugo.es
982-28.43.69

Ao longo da escolarización dos vosos fillos e fillas poderá haber ocasións nas que vos atopedes con piollos nas cabeceiras dos pequenos. Con este documento pretendemos facilitarvos algunhas recomendacións para eliminarlos de xeito eficaz.

- Primeiramente é importante seguir coidadosamente as instrucións que o médico ou pediatra vos recomende sobre o produto antiparasitario e a forma de usalo.
- Despois do tratamento é importante inspeccionar o pelo do fillo/a cada 2-3 días e proceder a peitealo cun peite de púas espesas. Continúe a inspección durante as seguintes 2-3 semanas.

Recoméndaselle adoptar as seguintes medidas no fogar:

- **Para eliminar o piollo e lendres (ovos) na roupa que estivo en contacto coa persoa infestada nos dous días anteriores a iniciar o tratamento recoméndaselle:**
 - Na roupa interior, toallas e roupa de cama que poida lavarse a máquina, deberá utilizarse un programa de temperatura mínima de 50 grados.
 - Na roupa non lavable (chaquetas, bufandas, etc.): limpeza en seco nun programa de alta temperatura polo menos durante 20 minutos.
 - A roupa, bonecos de trapo ou peluche, edredóns ou almofadas, que non sexan lavables ou non poidan seguir un programa de limpeza en seco, deberán gardarse nunha bolsa de plástico pechada durante 2 semanas.
 - En calquera caso debe apartala do contacto corporal polo menos 72 horas.
 - Os cepillos e peites deben ser somexidos e refregados con alcohol ou ben auga quente con xabón a 65 grados ao menos durante 1 hora.
- O problema da parasitación por piollos en alumnos que acoden a centros escolares, así como a reintrodución desta parasitación, é habitual e difícil de combater, polo que pregamos sigan as medidas recomendadas (tratamento dos casos necesarios e vixilancia mediante a inspección unha vez por semana).



**COLEXIO
MARÍA AUXILIADORA**

Avda. Ramón Ferreiro 30
27.002 Lugo
www.mariauxiliadora.lugo.com
982-28.43.69

Outro problema co que poden atoparse os/as pequenos /as e a aparición do MOLUSCO CONTAXIOSO. Aínda que seu contaxio é mais frecuente en lugares húmidos, como as piscinas, tamén pode contaxiarse polo contacto directo e, por este motivo, adxuntamos estas liñas nas que se explica que é, como se contaxia, como se manifesta e como se diagnostica, ao tempo que vos achegamos algunhas recomendacións en caso de que os vossos fillos/as estean contaxiados.

Definición

O molusco contaxioso (MC) é unha infección vírica da pel, contaxiosa, como o seu nome indica, e autoinoculable.



¿A quen afecta?

É unha infección de distribución mundial, afectando principalmente a nenos. A transmisión é secundaria ao contacto con persoas infectadas ou obxectos contaminados. É unha enfermidade rara antes do primeiro ano de vida; e presenta unha máxima incidencia entre os 2 e 3 anos. É mais frecuente en zonas xeográficas cálidas, onde os nenos levan menos roupa e, polo tanto, poden estar mais en contacto con outros nenos ou obxectos contaminados. É unha infección que se observa con mais frecuencia en nenos atópicos ou con unha base atópica.

¿Como se adquire?

A transmisión prodúcese por contacto directo pel sobre pel ou a través de obxectos contaminados, habéndose relacionado con piscinas, toallas, etc. Moitos dos nenos que presentan estas lesións asisten de xeito regular a piscinas. O virus responsable é resistente aos desinfectantes utilizados habitualmente nestas instalacións. A forma de presentación pode ser illada ou en forma de pequenas epidemias. É frecuente a autoinoculación, que produce a propagación da enfermidade no propio paciente. Se ben a infección polo virus do molusco contaxioso afecta maioritariamente á poboación infantil, tamén pode observarse en pacientes adultos.



**COLEXIO
MARÍA AUXILIADORA**

Avda. Ramón Ferreiro 30
27.002 Lugo
www.mauxiliadora.lugo.es
982-28.43.69

¿Como se manifesta?

As lesións típicas son pápulas hemisféricas, de superficie lisa e brillante, de poucos milímetros de diámetro, de cor pel, cunha depresión central, de crecemento lento. O número de lesións é moi variable, desde lesións illadas ata ducias. Poden aparecer en calquera zona da superficie corporal. O período de incubación (desde o contaxio á aparición das lesións) é de entre 15 días ata tres meses.

As veces obsérvanse lesións inflamatorias arredor das lesións de molusco contaxioso (dermatitis do molusco), que se manifestan como áreas arroibadas, que ocasionan picor intenso e no seu interior obsérvanse as lesións típicas de molusco contaxioso.

Cada lesión individual de molusco contaxioso resólvese espontaneamente en un período variable, de 3 a 7 meses. Pero, cada lesión individual pode ser a orixe de novas lesións (autoinoculación). Por este motivo, faise difícil calcular o tempo exacto que tardarán en desaparecer de forma definitiva todas as lesións.

¿Como se diagnostica?

O diagnóstico en xeral é fácil e establécese a partir do aspecto característico das lesións. Unicamente en casos con lesións con moita inflamación ou de gran tamaño poden plantexarse dúbidas.

Recomendacións

No caso de observar nos vosos/as fillos/as lesións deste tipo aconsellámosvos acudir ao especialista para que este indique cal é o tratamento axeitado en cada caso concreto.

No caso de que ditas lesións se atopen en zonas que queden ao descuberto, como as mans ou a cara, é aconsellable empregar algún apósito para cubrilas e evitar así posibles contaxios entre os rapaces e rapazas.